

BASES DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PARA O DESEÑO DO CARTEL DO DÍA 8 DE MARZO 2022 “DÍA INTERNACIONAL DA MULLER”

Con motivo da conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional da Muller, a Comisión de Igualdade en colaboración co Departamento de Plástica convocan un concurso de carteis.

O obxecto do concurso é fomentar a promoción da igualdade, a través dunha acción que visibilice a contribución das mulleres nos distintos ámbitos e promova a reflexión sobre os estereotipos de xénero que aínda existen na sociedade, as causas e a orixe da discriminación de xénero así como o camiño que as mulleres tiveron que percorrer para ver recoñecidos os seus dereitos.

1. Participantes: Poderá participar no concurso calquera persoa que curse estudos actualmente no IES Ribeira do Louro.

2. Temática e características técnicas das obras O contido do cartel deberá difundir e transmitir unha mensaxe positiva sobre a participación activa das mulleres na sociedade, promovendo a igualdade entre mulleres e homes . O cartel realizarase en formato horizontal ou vertical coas medidas DIN A-3 (42 por 29,7 cm) e entregarse en formato electrónico (obrigatoriamente antes da finalización do prazo) coa extensión JPG ou PDF, e deberá incluír a frase “8 de marzo. Día Internacional da Muller”, así como un lema positivo en galego relacionado co fomento da igualdade de xénero, contra os estereotipos e contra a discriminación cara as mulleres.

Cada persoa só poderá presentar un traballo. Tanto a técnica coma o estilo dos carteis serán libres. As composicións e os slogans deben ser orixinais e inéditos. Non se poderán empregar imaxes ou nomes que identifiquen marcas comerciais ou persoas recoñecidas no ámbito público.

O xurado estará composto por 5 membros elixidos entre o profesorado da comisión de igualdade e do departamento de plástica.

A data tope para entrego será o 7 de marzo ás 10:30 a.m. no correo: rsantaolalla@iesribeiralouro.com.es

Cada concursante deberá indicar claramente no asunto do correo o seu nome e apelidos e en que curso se atopa. Se non tedes escáner podedes pasar polo despacho de dirección para escanear o cartel.

Importante: Os que ademais de neste concurso vaiades participar no concurso da Xunta (totalmente independente deste) tedes que falar con M^a José (Profesora de Plástica) e o prazo límite para ese concurso é o día 21 de febreiro. E entregádelo a ela.

Categorías: (Haberá un premio e un accésit por cada categoría.):

1. 1º e 2º ESO
2. 3º, 4º ESO e FP básica
3. Bacharelato, ciclos medios, superiores, ESA e EBI.